

Romanceiro en lingua galega

Por **Xosé Ramón Mariño Ferro**

Entre as publicacións cada vez máis interesantes, documentadas e rigorosas sobre literatura popular galega, preocupa máis a conflictiva cuestión da presenza dos romances. Precisamente este é o tema no que se centra esta monografía, novidade editorial, na que se ofrece un achegamento individualizado ó romanceiro galego, con comentarios e reprodución de variantes. Xosé Ramón Mariño Ferro, profesor de Antropoloxía (Facultade de Filosofía) na Universidade de Santiago de Compostela, e mais Carlos L. Bernández son os autores deste libro.

- 07:28 14/03/2002

Desde que, en 1863, López de la Vega editou os primeiros romances galegos, foron moitos os folcloristas, etnógrafos e estudiosos da literatura popular que se dedicaron a recollelos, entre os que cabe citar a Manuel Valladares, os irmáns de la Iglesia, Murguía, Saco y Arce, Casto Sampedro, Said Armesto, Hervella Courel, Vicente Risco, Dorothe Schubart, Antón Santamarina, etc.

A maior desgracia foi que as mellores coleccións de romances en galego permaneceron inéditas ata fai pouco, e algunhas aínda seguen sen ser publicadas. Ese feito impedía calibrar atinadamente a importancia dos romances en galego.

Xuntando todo ese material resulta unha colección de romances en lingua galega que demostra que –en contra dunha opinión bastante estendida– Galicia cantou e recitou historias en verso, sobre todo de carácter novelesco. Por suposto, moitos coinciden cos romances casteláns, que a súa vez son versión españolas de baladas que se cantaron en todo Europa; bastantes son comúns a área galego-portuguesa; e tamén existen algúns propios, que non son os de menor beleza. Entre os que son comúns co romanceiro castelán destacan, polas moitas versións en galego, “Conde Alarcos” e “A mala sogra”. Romances da área galego-portuguesa son, entre outros, “O laranxal de amor”, “O cego raptor”, “A fonte do salgueiriño”, “Santa Irene” e “A pastora probada polo seu irmán”. Dos galegos destacamos o misterioso e sorprendente romance titulado “A lavandeira”.

Con este traballo queremos que os lectores coñezan o noso romanceiro tradicional e que os investigadores teñan a súa disposición o material dunha parte destacada da nosa literatura popular. Esperamos que no futuro os estudiosos lle dediquen a atención que merece. Pola nosa parte centrámonos en contribuir a aclarar o riquísimo simbolismo dos romances populares.

Os romances en lingua galega, pola súa calidade, son parte fundamental da nosa literatura. Estamos convencidos de que no futuro aparecerán nas historias de literatura galega, como aparecen nas da literatura

castelá, catalana ou portuguesa.

Xosé Ramón Mariño Ferro e Carlos L. Bernárdez

Romanceiro en lingua galega.

Vigo: Xerais, 2002.

ISBN 84-8302-754-2